

Nova sede do PP Ponteareas

Páxina 3

EU pide transparencia na Area do Parque de Sarmiento Rivera

Páxina 4

Ponteareas pide un Instituto Galego das Mulleres

Páxina 6

Covelo mellorará o sinal de TV e telefonía

Páxina 7

Mondariz: melloras na senda fluvial e abre un centro de ocio

Páxina 9

Especial Eleccións Municipais

Páxinas 12 e 13

O Porriño audita a facturación irregular

Páxina 17

Plan de formación para desempregados en Salceda

Páxina 19



A saúde é o que importa

Páxina 4

Humanización da rúa Antonio Facorro na Cañiza



REBAJAS

55% DE DESCUENTO

pikolin

LOS Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

Renove

499€ - 100€

399€

PLAN RENOVE

Hasta 450€ de ayuda para renovar tu vieja electrodoméstica

699€ - 150€

549€

PLAN RENOVE

FINANCIA TU COMPRA 12 MESES

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Tralos pasos do 8M

Dende o ano 1848 o mundo feminista estivo e segue estando en continua Ebullición. Pero cecais sexa nestes momentos cando adquire un grao superior de quecemento. Como ben di Antonio Guterres, secretario xeral da ONU, o patriarcado con milenios de poder detrás estase reafirmando. A ONU ten como misión especial reducir a brecha de xénero, por esta razón o 8M adquire unha especial relevancia.

Aquí entre nós, co gallo das desavenencias entre as dúas patas do Goberno sobre a xa famosa lei do Si é Si, este 8M presentouse na rúa cunha carga ideolóxica e partidista que anos pasados non existía; alomenos tan agravada. Se a este elemento disgregador lle sumamos a recente aprobada "lei trans", a guerra estaba servida. Aínda así, con todo o que significa comprobar dous enfoques diferentes sobre o feminismo dentro dun mesmo goberno estatal, o sangue non chegou ao río. O Presidente do Goberno preferiu reunirse na Moncloa cun grupo de mulleres directivas e Yolanda Díaz, portaestandarte da outra pata do Goberno, acudiu á entrega do Legado de



María Zambrano na Caixa das Letras onde solicitou responsabilidade a todos os membros do goberno de coalición.

A rúa era un fervedoiro. Cada quen, como vulgarmente se di, sangraba pola súa ferida. A Ministra Irene Montero, albo de todos os tiros, trataba de explicar a súa posición sen que tivera demasiado eco entre o populacho. Solicitaron a súa dimisión acusándoa de non saber realmente o que é unha muller.

Pero fagamos un chisco de historia.

O gran movemento mundial feminino nace cando dúas mulleres en EEUU se indignan porque non lles permitiron falar nunha convención sobre a escravitude.

Elizabeth Cady e Lucretia Mott foron quen de reunir a centos de mulleres esixindo dereitos civís, sociais, políticos e relixiosos. Aí nace a primeira agrupación de mulleres. Era o ano 1848. Pero sería anos máis tarde, en 1875, cando centos de mulleres protestan nunha fábrica téxtil de Nova York pola desigualdade salarial respecto aos varóns. Hai unha brutal represión por parte da policía que rematou asasinando a 120 traballadoras. Esta masacre foi o nacemento do primeiro sindicato feminino da historia provocando folgas e protestas en todo o mundo dentro do sector téxtil. A máis numerosa tivo lugar en 1908 baixo o lema "Pan e Rosas" cando saíron á rúa 15.000 mulleres para protestar polas malas condicións laborais.

En 1909 celebrouse en EEUU o primeiro Día Nacional da Muller. O partido Socialista de América elixiu ese día na honra das mulleres traballadoras da confección en

Nova York. Este movemento chega a Europa en 1910. A Internacional Socialista, reunida en Copenhague, convidou a un cento de mulleres de diferentes países e alí se decidiu celebrar en marzo un día da muller para loitar polo sufraxio universal feminino. De aí que o Partido Socialista Español presuma de levar no seu ADN a defensa dos dereitos da muller. Creo que razóns non lle faltan.

Por qué a cor morada?

Isto ten que ver co incendio producido nunha fábrica téxtil de Nova York onde 146 mulleres se viron atrapadas se poder saír. Perderon a vida. Alí elaborábanse telas de cor morada. A lenda asegura que o fume que saía era desa cor: morado. De aí a vinculación do 8M coa cor morada.

Por qué o 8M?

Ben, isto tamén ten unha explicación.

Trala caída do Zar de Rusia no contexto da Revolución de 1917, o goberno provisional aprobou o voto feminino o 23 de febreiro, que pasou a ser día de festa nacional. A ONU explica que, segundo a calendario gregoriano, o 23 de febreiro en Rusia correspondía ao 8 de maio.

M
INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

PINTURAS
BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

IRIS COLOR

Colexio Pluriligüe LA INMACULADA

Dende 1905 en Ponteareas
Premio 2017 á Excelencia Educativa

Aula matinal de 7:30 a 9:00
Comedor escolar
Actividades Extraescolares

Teléfono 986 640 065
www.colexioinmaculada.com

Aberto o prazo para a solicitude de admisión do 1 ao 22 de marzo

PONTEAREAS

Feijóo e Rueda inauguraron a nova sede do PP Ponteareas

O Partido Popular de Ponteareas inaugurou este 3 de marzo a súa nova sede na céntrica rúa de Viales Tomé, 1 coa presenza do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e do presidente do PP español, Alberto Núñez Feijóo, a candidata do PP Ponteareas, Nava Castro, así como de decenas de militantes de Ponteareas e do Condado.

O acto, que foi igualmente aproveitado para arroupar a candidatura de Nava Castro, contou coa presenza de candidatos do PP da comarca do Condado Paradanta, como foron os casos da Cañiza e Mondariz, así como o



alcalde de Mondariz Balneario.

Na entrada da nova sede do PP Ponteareas está exhibida unha fotografía de 1910 que reproduce a alfombra do Corpus Christi.

Nava Castro, que tamén é Directora de Turismo de Galicia, indicou a importancia da imaxe porque "representa a Ponteareas e aos ponteareáns".

15 novas prazas para persoas con mobilidade reducida



O Concello de Ponteareas vén de crear 15 novas prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida grazas á colaboración de Combina Social, unha consultora creada por COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade) e con-

tratada polo Concello para o asesoramento nesta materia.

O Concello informou da creación dun total de 40 prazas novas desde 2019, un incremento dun 70%, corrixindo así mesmo numerosas prazas antigas e incorporándolle esas zonas de transferencia.

Nova edición do Premio 'Ponteareas, lingua e empresa'

O Concello de Ponteareas convoca unha nova edición do premio 'Ponteareas, lingua e empresa', unha iniciativa que busca promover o uso da lingua galega na actividade económica da vila.

Impulsado polas concellarías de Lingua e Promoción Económica, estes galardóns van destinados

ás empresas, persoas autónomas, profesionais ou outro tipo de negocio, así como ás persoas que destacasen ou destaquen polo uso do galego na actividade económica e que teñan a súa sede social ou un centro de actividade no concello ponteareán.

O xurado outorgará galardóns en tres categorías diferentes:

traxectoria do uso da lingua galega ao longo de décadas, uso continuado da lingua galega e incorporación recente ao uso da lingua galega. O premio consistirá nunha figura exclusiva creada polo escultor Silverio Rivas. O prazo de presentación das candidaturas rematará o vindeiro 20 de marzo.

Feira de Oportunidades na Praza Maior

O Concello de Ponteareas e a Asociación Banastra realizaron na Praza Maior unha nova edición da Feira de Oportunidades os días 25 e 26 de febreiro, que contou

igualmente con animación musical, actividades infantís e moitas sorpresas.

Este ano por primeira vez habilitouse un tren que fixo un pequeno percorrido pola rúa.

CRISTALERIA CONDADO, S.L.

Derivados do Vidro

Tlf.: 986 66 16 42
cristal@cristaleriacondado.com

AVDA. DE CASTELAO, 9
36860 PONTEAREAS
(Pontevedra)

CAFÉ C.A.S.

RESERVAS Y PEDIDOS
638 047 579

DESAYUNOS
MENU DEL DIA
FINES DE SEMANA
MENU ESPECIAL
COMIDA PARA LLEVAR

Rúa Viales Tomé Nº 4, 36860 - Ponteareas

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmg@hotmail.com

ZAPATERÍA
Ángeles Castro

Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

By Barriguiñas

Especialista en
Ceremonia infantil, arras,
comunion e bautizo

627053847
María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO

986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

EU esixe transparencia sobre a Área de Planeamento Especial

Manoel Ucha, candidato de Esquerda Unida Ponteareas, denunciou que o Goberno municipal está ocultando a posibilidade de que se constrúa un bloque de vivendas vinculado á zona verde en obras na actualidade dentro da Área de Planeamento Especial (APE-14), xunto a Av. Sarmiento Rivera. A denuncia vén tralo anuncio do Goberno municipal sobre a creación dun novo parque público de 3.000 metros cadrados na Avenida Sarmiento Rivera.

Indica a forza política que o



PXOM permite a construción conxunta dunha área comercial de 3.440 m2 e de 6.700 m2 de vivendas, chegando a mostrar unha imaxe na que só aparece a área comercial

cando no PXOM se establece que os 10.140 m2 se deben executar con unha licenza única para a totalidade da edificación.

O Desenvolvemento desta área permítelle á propiedade edificar 10.140 m2 a cambio de ceder terreo para unha nova vía de acceso ao propio edificio e para un parque público. Na ficha desta APE-14 descríbese a edificación permitida nesta parcela: en planta baixa permítese construír unha superficie de 3.440 m2 e, sobre esta planta, un bloque de 5 plantas a maiores.

O Concello aclara as dúbidas urbanísticas sobre o novo parque en Sarmiento Rivera

O Concello de Ponteareas saíu ao paso das “insinuacións gratuítas e acusacións falsas” lanzadas “sen rigor nin seriedade” por parte da formación política Esquerda Unida, respecto ao parque que se está a executar na rúa Sarmiento Rivera.

Como é sabido, o Concello difundiu unha infografía ou recreación na que se observa como será o parque público así como un equipamento comercial de planta baixa situado na mesma área. Esquerda Unida acusou ao goberno municipal de ocultar “a posibilidade de que se constrúa un bloque de vivendas” de cinco plantas que non aparecen nas imaxes. Segundo esa formación política é “contraditorio que se anuncie a través de comunicados e imaxes que se construír só un edificio comercial, mentres o PXOM permite

ademais un bloque de vivendas”.

O Goberno lamenta que a organización que formula as acusacións sen rigor non se informase primeiro na Oficina de Urbanismo do Concello, ou a través do propio Goberno municipal ou asistindo á reunión aberta a toda a poboación que se celebrou hai varias semanas e nas que se aclarou especificamente o que agora cualifica de ocultación.

O Concello explica que o PXOM permite a construción dun bloque de cinco alturas nunha rúa de nova apertura na mesma área onde se sitúa o parque. O propietario dos terreos ten a obriga de executar e entregar o parque ao Concello para poder urbanizar o resto da área. A infografía reflicte o proxectado polos propietarios que é o parque público a entregar ao Concello e un equipamento comercial de planta

baixa, porque os promotores renunciaron a aproveitar o resto de plantas que o PXOM lles permite.

Non se deben confundir as facultades que outorga o PXOM cunha infografía que reflicte o proxecto a executar polos propietarios dos terreos. Neste caso, a infografía reflicte o que proxectou o promotor, que decidiu crear unicamente un equipamento comercial de planta baixa e non o bloque de vivendas sobre ese equipamento. Se o proxectado fora o bloque de vivendas así se reflectiría na infografía e sería unha actuación tamén permitida pola normativa.

Para o Goberno municipal o importante é que “esta actuación supón un novo parque sen custo para a cidadanía, activar a economía creando emprego e facer un novo urbanismo racional e equilibrado”.

A Sanidade entra en campaña

Aos cidadáns non lles preocupa quen lles cure as súas doenzas; o que queren é que o Centro de Saúde (PAC) de Ponteareas, que ten que dar servizo a todo o Condado, dispoña dun cadro médico axeitado. Por iso non lles importa se, con motivo das eleccións, ese problema vaise resolver ou se, como o conto de que o político ofrecía unha ponte cando non había río, que tamén ofrecía traelo, neste caso nos ofrecen mellorar a situación sanitaria, esperemos que sexa antes do 28 de maio.

A candidata do PP á Alcaldía de Ponteareas, Nava Castro, mantivo unha reunión co conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, na que se interesou polo reforzo do persoal sanitario no centro de saúde da vila.

O conselleiro avanzoulle que a Xunta incluírá unha praza de médico de familia e dúas de pediatría no centro ponteareán na convocatoria de prazas de difícil cobertura mediante un concurso de méritos que se aprobará nas próximas semanas.

Así mesmo, a candidata amentouna a postura de BNG e PSOE, lembrando que “se por eles fóra, non se podería realizar este proceso e cubrir esta praza, nin Ponteareas contaría hoxe con tres facultativos fixos máis que hai un mes”. No mesmo sentido, Castro lamentou non entender á alcaldesa “por encabezar protestas e reclamacións de máis persoal sanitario mentres o seu partido vota en contra das solucións”.

A este respecto, a alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández, convidou ao Conselleiro de Sanidade a acompañala a unha visita ao centro de saúde de Ponteareas. Con este convite pretende que “o conselleiro se entere de que no centro de saúde faltan como mínimo 7 médicos e médicas para ter os 15 que figuran no seu cadro de persoal e que son, ademais, insuficientes”.

Ademais, segundo a rexedora, “con esa visita o conselleiro poderá comprobar que agora xa non existen consultas pola tarde e as 8.000 persoas que tiñan médico ou médica asignada nesa quenda e non poden acudir polas mañás vense obrigadas a colapsar o servizo de urxencias para ser atendidas”.

A alcaldesa cualificou de “broma de mal gusto” que o conselleiro anuncie un médico máis para o centro de saúde cando hai 8.000 pacientes sen médico ou médica asignada e carece de case o 50% do persoal médico que debería ter. O conselleiro realizou o anuncio nunha reunión de partido, coa candidata do PP á alcaldía Nava Castro.

Un feito que, segundo Cristina Fernández, evidencia que “para a Xunta a saúde das persoas é un asunto electoral e se quitan ou poñen médicos e médicas segundo haxa ou non eleccións. Que non comunicase ao Concello ese anuncio e que presente como un logro un posíbel médico ou médica máis é unha falta de respecto, pero non a esta alcaldesa, senón á veciñanza de Ponteareas e, sobre todo, ás persoas que soportan o desmantelamento co centro de saúde de Ponteareas e da sanidade pública”.

milfollas
LIBRERÍA • PRENSA • PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Moda - Decoración
Complementos

ROMERO
desde 1890

Constitución, 3 - PONTEAREAS
☎ 986 640 008

**Autoescuela
PONTEAREAS**

C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

PONTEAREAS

Concellos do sur de Pontevedra cuantifican en máis de 10 millóns de euros os danos causados polas inundacións

Máis de dous meses dende as fortes inundacións sufridas o pasado Nadal, os alcaldes e alcaldesas de trece concellos do sur da provincia de Pontevedra máis afectados polos temporais reiteran a súa petición á Xunta de Galicia de que declare o territorio como Zona de Emerxencia de Protección Civil e estableza medidas de apoio económico para asumir a rehabilitación duns danos valorados polo momento en máis de 10 millóns de euros e aos que hai que sumar os sufridos polo sector agroforestal, empresas e particulares.

Rexedoras e rexedores da Cañiza, A Guarda As Neves, Baiona, Gondomar, Mondariz, Nigrán, O Rosal, Ponteareas, Redondela, Salceda de Caselas, Tomiño e Tui lamentan o “desprezo e abandono”

da Xunta non só aos Concellos, que sufriron seis semanas de inundacións reiteradas, senón tamén aos case 200.000 habitantes, ás pequenas e medianas empresas e ás persoas autónomas deste territorio.

“Enfrontamos sos está situación dende o primeiro momento, incluso para poder facer unha valoración dos danos sufridos. Levamos tres meses realizando e sufragando as reparacións para recuperar servizos esenciais para a nosa veciñanza, gastos por un valor que nalgúns municipios é un terzo do seu orzamento anual. Estamos ante unha situación complicada, sen saber como imos afrontar os custos e coa Xunta, a administración competente, desaparecida”, salientaron en rolda de prensa.



Tras dous meses de silencio por parte da administración autonómica, o seu presidente, Alfonso Rueda, respondeu á carta conxunta enviada o 1 de febreiro polos 13 alcaldes e alcaldesas asegurando que a Xunta estaría disposta a trasladar ata a zona ao vicepresidente segundo para coñecer os danos, aínda que ins-

tando aos Concellos a organizar un encontro no que tamén estiveran presentes representantes doutras administracións.

Os rexedores lembraron ademais o resto de administracións responderon con axilidade ante a delicada situación, xa que o delegado do Goberno do Estado estivo visitando a zona e explicando

aos Concellos as distintas liñas de axudas postas á súa disposición e a Deputación de Pontevedra habilitou crédito e unha liña de axudas para facer fronte á reparación dos danos.

Ante o elevado balance de estragos, os concellos afectados urxen tamén á Xunta unha partida orzamentaria extraordinaria dada a excepcionalidade dos danos nestas comarcas, que non só permitiría aos gobernos municipais afrontar e reparar os danos, senón que tamén beneficiaría a milleiros de veciños e veciñas que teñen que recompoñer as súas vivendas e propiedades tras os estragos causados pola forza inusual da auga e a persoas autónomas e moitas pequenas e medianas empresas que viron danadas as súas instalacións.

Expediente sancionador polo peche temporal das gasoleiras municipais

O Concello de Ponteareas anunciou a apertura dun expediente sancionador á empresa adxudicataria Vilalta Corporación S.A, responsable da xestión de dúas gasoleiras de titularidade municipal por cesar de maneira inxustificada a prestación do servizo, o que implica

o incumprimento dunha condición esencial do contrato.

A empresa informou ao Concello de que o peche responde a problemas puntuais e conxunturais que prevé resolver en breve prazo.

En 2022, o Concello gañou unha demanda xudicial contra as anteriores empresas adxudicatarias

e, tras unha nova licitación, acordouse un novo canon coa actual empresa establecido en 4,50 céntimos por litro fronte aos 0,45 céntimos anteriores, o que implica un incremento nos ingresos municipais de 18.000 euros ao ano na etapa anterior aos 180.000 na actualidade. Ademais, o novo



contrato inclúe a instalación dunha infraestrutura de recarga eléc-

trica, outra de gas e a mellora estética das instalacións.

PONTEAREAS + SAUDABLE SUSTENTÁBEL HARITÁRFI

“Notamos un cambio moi grande con todas as melloras. O noso confort multiplícase”

Carmen Represas Mendoza

Actuacións sobre a envolvente do Centro de Día Municipal para reducir a demanda enerxética e mellorar a eficiencia das instalacións



Unha maneira de facer Europa
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Manifestación da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Condado

A praza Bugallal da vila do Condado foi o escenario este 3 de marzo no que a Plataforma SOS Sanidade Pública do Condado fixose presente para demandar unha xestión 100% pública da Sanidade.

Decenas de veciños do Condado quixerón aproveitar a presenza do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e do presidente do PP español e ex presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, con motivo da inauguración da nova sede do PP Ponteareas, para de-



mandar melloras na sanidade pública galega así como a dotación de ambulancias para a comarca do Condado Paradanta.

Goberno municipal desminte bulos sobre morte por infarto

O Goberno municipal desminte categoricamente os bulos calumniosos que se difundiron nun medio de comunicación e en redes sociais responsabilizando ao Concello dunha morte por infarto ocorrida nunha vivenda da rúa da Esperanza.

O Concello explica que, de acordo co informe da Policía local, ás 13:42 horas a patrulla da Policía Local recibiu unha alerta do 112 por infarto na rúa da Esperanza. De inmediato a Oficial da Policía e un axente acudiron ao domicilio do afectado, equipo ao que logo se uniron bombeiros municipais. Todos eles comezaron as manobras de reanimación, que duraron 30 minutos aproximadamente.

De acordo co informe policial, os servizos sanitarios non chegaron ao lugar até media hora despois do aviso. Á súa chegada, indicaron aos axentes que cesaran nos intentos de reanimación por resultar xa innecesarios e se limitaron a certificar o falecemento da persoa. A profesional



sanitaria que acudiu á vivenda aclarou diante dos axentes que o retraso se debiera a non dispoñer antes dunha ambulancia, o que provocou a reacción da parella do falecido e a intervención da Policía para rebaixar a tensión. A médico que interviu fai constar no seu propio informe, xa unido ao atestado policial, que "tardamos en chegar ya que no había ambulancia".

Fronte a estes feitos, un medio de comunicación e diferentes usuarios de redes sociais atribuíron ao Concello a responsabilidade do falecemento a través de falsidades. O propio informe médico desminte estas acusacións e revela a extrema gravidade das calumnias vertidas contra o Concello, motivo polo que o Goberno local anuncia que adoptará de inmediato medidas no plano xudicial, mediático e institucional para que condutas intolerábeis nun estado de Dereito non queden impunes.

ACiP: "informe de Facenda coloca a débeda de Ponteareas en 3,2 millóns €"

Facendo uso dun informe público do Ministerio de Facenda, o candidato de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP) Juan Carlos González Carrera, cualificou de "esperpéntica" a xestión económica da alcaldesa Cristina Fernández Davila, toda vez ese informe indica que a débeda municipal do Concello de Ponteareas é de 3,2 millóns de euros, liderando a lista en Galicia xunto ao Concello de Marín.

González Carrera indicou que ese informe "é letal" porque "o dato mata o relato da alcaldesa". Segundo o candidato, "estes datos confirman a situación na que ACiP leva insistindo dende hai tempo, a xestión económica do goberno local dende que Cristina Fernández exerce de rexedora é un auténtico drama. BNG e PSOE reiteran sistematicamente a solicitude de prés-



tamos sen control. Esta dinámica eleva a actual débeda municipal por enriba os 15 millóns de euros"

Por outra banda, alertou que "moito tememos que o goberno local solicitará un novo préstamo para poder facer fronte os pagos de provedores, colocando a Ponteareas nunha situación moi complexa de cara o futuro"

Pleno municipal pide un Instituto Galego das Mulleres

Con motivo do Día Internacional da Muller o 8 de marzo, o Concello de Ponteareas aprobou en pleno municipal diferentes mocións con diversas medidas dixiridas a conseguir unha igualdade real e efectiva.

Ademais de amosar o seu apoio ás mobilizacións convocadas polo feminismo galego, o Concello aprobou por maioría unha moción do BNG na que se insta á Xunta de Galicia a crear un Instituto Galego das Mulleres para deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización entre a sociedade. Tamén pide incorporar o enfoque de xénero

á atención sanitaria e unha Valoración das Mulleres con capacidade para sancionar de forma administrativa a aquelas empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero.

Con esta moción se busca tamén solicitar á Xunta e ao Goberno estatal reactivar a Unidade de Mulleres e Ciencia ou o Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación para implantar a perspectiva de xénero nas políticas científicas e analizar a situación actual ou aprobar á maior brevidade o Plan de Igualdade de Xénero e non discriminación en Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

Librería CASA PEPE

Oficap PAPELERIAS

Rúa Morales Hidalgo, 16, baixo

Teléfono: 986 64 17 26

www.oficap.com

PONTEAREAS

ELECTRICIDAD

BOUZA

ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

La Giralda

ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

Síguenos

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

A CAÑIZA

Humanización da rúa Antonio Facorro na Cañiza

O pasado 15 de decembro a empresa Galaicontrol S.L., encargada da redacción do proxecto de construción desta importante rúa da Cañiza, entregou no Concello da Cañiza o traballo definitivo baixo o título "Humanización da rúa Antonio Facorro, dende a EP-5003 ata a N-120".

A obra abarca unha superficie de actuación de 4.105m², nun

itinerario que conecta as zonas verdes da Praza Maior e o Parque Central, Con cun importe de adjudicación de 44.588,50€, subvencionado ao 90% pola Deputación de Pontevedra a través da Rede Ágora. Desagregados en 871.148,61 € de execución material, 113.249,32€, correspondentes ao 13% de gastos xerais, 52.268,92 de beneficio industrial (6%) e 217.700,04€ correspon-

dentos ao 21% de IVE". Unha obra que segundo comunicou o Alcalde Luís Piña "terá que financiarse con fondos europeos e polo tanto executarse a medio prazo".

Segundo o proxecto de humanización a rúa contempla un carril nunha única dirección, entrando pola N-120 ou pola rúa Botica en dirección á rotonda de entronque coa estrada provincial A Cañiza-



Arbo. A circulación nas rúas Novas (Rosalía de Castro, Otero Pedraio, Castelao e Curros Enríquez), mantense sen cambios. Un 50% da

obra actuará sobre os servizos soterrados: saneamentos, rede de abastecemento de augas, pluviais e comunicacións.

Reforma integral no pavillón deportivo "Carballo do Marco"

O Concello da Cañiza levou a cabo a reforma dos vestiarios do pavillón deportivo "Carballo do Marco", adjudicada á empresa DESARROLLOS URBANISTICOS JARMA SLU., executada en dúas anualidades e subvencionada ao 100% polo Plan Concellos 2020 e 2021 da Deputación de Pontevedra, cun investimento total de 94.818,30€. 46.054,60€ investidos en 2021 e 48.763,70€ en 2022. Coa execución desta II fase queda rehabilitada ao 100% esta zona de servizos, cumpríndose así un dos compromisos adquiridos polo Alcalde Luís Piña.

O Deputado Provincial Santos Héctor visitou xunto co alcalde as instalacións dos vestiarios do pa-



villón Carballo do Marco, recentemente rematados. A reforma incluíu a renovación das instalacións de electricidade e fontanería. Novos revestimentos nas paredes da zona de duchas e grifería. Pintado das paredes con pinturas resistentes

á humidade e antimoho. Colocación de novo pavimento vinílico antiescorregadizo no chan dos vestiarios e do corredor de acceso. Substitución do falso teito de madeira por aluminio e reparación das paredes dos corredores.

Alumnado da Cañiza coñeceu as normas de seguridade vial



Despois de terse suspendidas estas actividades por mor da crise sanitaria provocada pola COVID, novamente o CPI da Cañiza acolle as Xornadas de Seguridade Vial impartidas polo Axente da Policía Local da Cañiza Santiago Regueiro e por dous funcionarios da Dirección Xeral de Tráfico, organizador da actividade.

Durante os días 1 e 2 de

marzo a/os alumna/os de 5º e 6º de primaria do CPI da Cañiza e de 4º, 5º e 6º do CEIP de Valdeixe, puideron disfrutar desta actividade que ten como principal obxectivo que empecen a recoñecer as sinais de tráfico. Todas estas instrucións as puideron poñer en práctica nun circuito de cars instalado no pavillón deportivo do centro.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

OPINIÓN

Por Guillermo Rodríguez

Os Soutullos e a música

Como pasa sempre cando alguén destaca nunha determinada profesión ou actividade prodúcense certas confusións. Neste caso trátase do apelido musical SOUTULLO.

Todos coñecen a Reveriano Soutullo que naceu en Ponteareas aló polos anos 1880. Sen embargo xa non son tantos os que coñecen un descendente seu chamado Eduardo Soutullo, nacido en Bilbao, onde traballaba seu pai como ebanista e que logo se aposentou en Vigo.

En xaneiro de 2006 o xornalista Fernando Franco (de Faro de Vigo) faílle unha entrevista a Eduardo Soutullo, hoxe un reputado músico con varios premios a nivel internacional. Nun momento da entrevista comenta "levar o apelido do maestro Soutullo ponteareano obriga...



Eduardo Soutullo, compositor

A resposta do músico Eduardo Soutullo foi... "bueno, non só polo mestre Reveriano Soutullo senon por meu avó, Luis Soutullo, de Lira, seu primo, que foi músico popular ao que lle fixeron unha

homenaxe pública antes de morrer.

O curioso da noticia está en que Fernando Franco escribe "de lira", así entre aspas e con minúscula, seguramente porque non sabía ou non preguntou da existencia dunha aldea de Salvaterra de Miño chamada San Simón de Lira. Ali viviu seu avó como carpinteiro e músico co seu propio Grupo Musical moi apreciado na contorna; ali naceu o pai de Eduardo, Manolo Soutullo, tamén ebanista-carpinteiro que, nun momento determinado, emigrou a Bilbao onde nacería Eduardo Soutullo.

Se nos facemos eco destes pequenos detalles é para que no futuro calquera investigador da Familia Soutullo teña datos fiables, non baseados en simples suposicións xornalísticas.

Por Fito Álvarez Tombo

España humillada e de xeonllos



Facía moito tempo que non víamos un espectáculo tan humillante como o de España ante Marrocos. Digo España porque Sánchez foi elixido como representante de España e a pesar das múltiples probas da súa total incapacidade para disimular o seu servilismo ao Rey de Marrocos, non foi destituído.

En pleno Marrocogate, onde queda ao descuberto a corrupción na Unión Europea e os seus deputados e funcionarios que reciben pagos de Marrocos, Sánchez no canto de ser discreto ten a pouca vergoña de arrastrarse en Rabat aos pés dun mero subordinado do Majzen, subordinado xa que o rei de Marrocos nin sequera moléstase en estar presente para que o

presidente do goberno español bíquelle os pés.

Sánchez ofrece o Sahara Occidental, pero como pode ofrecer o que non lle pertence? E que obtén a cambio? Nada.

Estraño asunto este que debería ser levado aos máis altos tribunais de España. Sánchez decidiu ignorar o dereito internacional, as sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e o ditame da corte internacional, por non falar da ética e a moral que brillan pola súa ausencia no carácter deste personaxe e o seu goberno.

O pobo español non parece estar a prestar atención, pola contra nunca deixaría impune esta triste actuación, por parte de quen fala no seu nome.

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Unha agresión sionista a Galicia

A eurodeputada Ana Miranda (BNG-Alianza Libre Europea) foi expulsada do territorio israelí o martes 21-F despois de aterrar en Tel Aviv facendo parte da delegación oficial de relacións coa Palestina do Parlamento Europeo, sendo posuidora dunha autorización expresa do Ministerio xudeu de Exteriores, canda as demais persoas da delegación europea. Porén, o Ministerio do Interior xudeu anulou ilegalmente o acordado polo seu propio Goberno e impediu o seu ingreso en Israel, deportándoa cara á Unión Europea (UE).

O Goberno sionista israelí ratificou deste xeito o seu xorne autoritario e a súa falla de respecto polas máis elementais regras do Estado de Dereito e da convivencia diplomática que xurde do Dereito Internacional Público. Porque a expulsión de Ana Miranda non é só unha agresión ao noso

País, á Galicia, senón ao conxunto da Unión Europea. Velaí as protestas da propia presidenta do Parlamento...

A UE (principal cooperante internacional da Autoridade Nacional Palestina) habería asumir un rol moito máis activo na condena e mesmo illamento internacional do goberno Netanyahu, que integra o seu sionista Likud con outros partidos de extrema dereita, tamén sionistas e/ou ultraortodoxos. Un Goberno que atenta decote contra os dereitos humanos da poboación palestina e mesmo comeza limitar os dereitos da cidadanía árabe israelí, mentres tramita unha reforma legislativa que sometería aos Tribunais de Xustiza ao Executivo e penaría coa pena de morte os ataques palestinos ás forzas israelís.

Netanyahu sempre foi aliado de

Trump e fixo o posíbel por desfacer o pacto antinuclear asinado co Irán polo presidente Obama mentres impón unha ferreña neutralidade no conflito ucraíno xerado pola agresión do réxime autoritario de Vladimir Putin. Que é o outro vello amigo do líder sionista.



O incidente, en chave de País, lembra que o Parlamento Europeo é un factor de equilibrio corrector dunha Europa dos Estados que sofre de non poucos déficits democráticos. Malia todo, a actual arquitectura institucional dalle á Eurocámara un moi importante papel de codecisión a

respecto da Comisión Europea e do Consello Europeo que habería de se desenvolver en termos de contrabalanceo aos intereses das multinacionais para acadarmos máis protección ás pemes, ás minorías e ás persoas consumidoras e unha mellor defensa dos valores da igualdade, protección ambiental e pluralidade territorial e nacional.

Precisamente eses teñen sido os vectores do traballo que ten desenvolvido decote Ana Miranda ao longo dos seus máis de vinte anos traballando para o noso País no Parlamento Europeo. Dende o seu traballo a prol dos intereses da nosa pesca, gandería ou sector naval, da conexión ferroviaria con Portugal e do corredor atlántico ferroviario ao seu rol fulcral na investigación pola Axencia Ferroviaria Europea do accidente do Alvia en Compostela no 2013, que contribuíu que se estea a desenvolver un xuízo minimamente xusto.



FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

MONDARIZ

Melloras na senda fluvial de Laredo e apertura do centro de ocio

O Concello de Mondariz, en colaboración entre o Concello de Mondariz e a Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS) está acondicionando a senda peonil circular, localizada dentro do entorno protexido da Rede Natura 2000, cun investimento de 530.000 €.

A senda fluvial transcorre polo río Xabriña entre los barrios da Pedreira e do Escobeiro, próximos ao centro urbano de Mondariz. As obras de ampliación e mellora desta ruta inclúen a construción dun treito novo e dunha pasarela para cruzar o río. O resultado será unha senda peonil circular de 3.225 metros.

Por outra banda, as obras da segunda e derradeira fase de construción do centro de ocio e deporte urbano de Mondariz, que ascenden a máis de 400.000 € e



están subvencionadas nun 90% polo Plan Reacciona Pontevedra (ReacPon) da Deputación de Pontevedra, xa están en marcha no Campo da Minada, situado no centro urbano de Mondariz.

Este lugar disporá proximamente dun centro de ocio e deporte urbano que permitirá a rehabilitación integral para o uso

público desde importante espazo municipal. Xa están en marcha as obras da segunda e derradeira fase de construción deste ambicioso e estratéxico proxecto, iniciado en 2021 co innovador circuíto asfaltado de pump track, o maior do seu tipo en Galicia naquel momento, con 1.200 m² de superficie.

V Trail Orixes Mondariz

O vindeiro 6 de maio terá lugar a quinta edición do Trail Orixes Mondariz, unha carreira a pé polos montes de Mondariz, Fornelos de Montes e Covelo organizada polo Concello de Mondariz coa estreita colaboración da Asociación Deportiva Mondariz. O prazo de inscrición estará aberto até o 1 de maio.

A gran novidade desta edición é a introdución das categorías non competitivas de Andaina, de 13 km, e Pequetrail, con tres distancias para nenos e nenas de 3 a 14 anos de idade. Estas súmanse ás categorías da última edición do Trail Orixes Mondariz, celebrada

o ano pasado: Minitrail, de 14 km; Trail, de 25 km; Maratón, de 40 km; e Ultra, de 60 km. Entre as seis categorías suman 750 prazas: 100 para Pequetrail, 100 para Andaina, 200 para Minitrail, 150 para Trail, 100 para Maratón e 100 para Ultra.

Nesta quinta edición, o percorrido volverá ser circular, con saída e chegada na praza de España de Mondariz. Discorrerá por Riofrío, Aboal, Festín, Gargamala, Caxil, Vidueiros, Foxo do Lobo de Estacas, Lago de Piñeiro, Caxil (Mosteiro de San Xoan), Sabaxáns, Cernadela e Mondariz, con diversos controis que están especificados nas bases de participación. O día

5 de maio convocarase ás persoas participantes a unha charla técnica.

A nova categoría non competitiva de Andaina compartirá percorrido e horario de saída co Minitrail, recortando a distancia en 1 km, aproximadamente. O Pequetrail, destinado aos máis cativos, contará con tres distancias en trazado semiurbano: Xabarán, de 1.500m, para nenos e nenas de 10 a 13 anos; Raposo, de 800m, para idades de entre 6 e 9 anos; e Esquío, de 100m, para meniños e meniñas de 3 a 5 anos. A inscrición nesta nova categoría será gratuíta.

"Os fíos do fado" en Mondariz-Balneario

O vindeiro 18 de marzo na Sala de Cultura do Concello de Mondariz Balneario estrearáse a obra de teatro "Os fíos do fado" da compañía O eido teatro de Vigo, unha obra que contempla dúas pezas, "as fiandeiras" e "night club bulebar", fundidas nunha temática común: o fado. Unha viaxe teatral que comeza no mundo da mitoloxía grega achegado ao noso rural ancestral. Aquí son as mulleres as creadoras de vida, pola contra no momento actual, moitas delas converténdose en vítimas da sociedade.

O eido teatro é unha compañía que amosa as súas inqueanzas por contar historias que conmovan e que cheguen ao corazón. Todas as persoas que a



compoñen proceden da EMT de Vigo, onde tiveron o privilexio de contar con grandes profesionais cos que puxeron en escea dramas, comedias, farsas, zarzuelas, e incluso textos propios. Esta actividade é de balde ate completar a cabida do espazo.

ANTOMS



Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.

REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO
DROGUERÍA
FERRETERÍA
JARDINERÍA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO

DISTRIBUIDOR OFICIAL: **Blona** de heus

VENTA DE PLANTAS

CIMEROUDES Nº8 - MONDARIZ - T. 986 656 2181 - 649 449 459

ferreteriabazarmondariz@gmail.com

Ferreteria Bazar

Materiales de Construcción

Mondariz

Avenida del Val, 1
36870 Mondariz ☎ 986 656 002

CONDADO/PARADANTA

O Concello promove a compostaxe

O Concello de Covelo, en colaboración coa Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), entregou 25 novos composteiros aos veciños, un manual de compostaxe doméstica e un pequeno curso de formación dunha hora de duración para procurar o maior éxito na implantación da experiencia composteira.

Os interesados en participar nesta iniciativa debe residir en vivendas unifamiliares que teñan horta ou xardín, estar empadroados, non ter participado nos programas anteriores e solicitar a participación



no Concello ata o luns 3 de Abril de 2023. O mercores día 5 de Abril ás 18:30 h. impartirase, no edificio de usos múltiples de Co-

velo, o curso de formación para a correcta técnica de compostaxe e entregaránse os 25 composteiros previstos ás persoas solicitantes.

Proxecto “Ríos, aldeas e montañas” para sensibilizar ao alumnado de Covelo

O Concello de Covelo amplía a súa proposta de actividades de desfrute e coñecemento do medio natural ao alumnado do CEIP Antonio Rodríguez Blanco. Deste xeito, ao longo de varios anos desenvolverá o proxecto “Ríos, aldeas e montañas” grazas ao que o alumnado poderá realizar saídas didácticas da man do guía de montaña Julio Eiroa.

O Concello, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, desenvolverá excursións interpretativas dende este ano 2023 ata o 2028 co obxectivo de acompañar ao alumnado dende que cursa 1º de primaria ata 6º. Deste xeito, durante o curso escolar realizarase unha saída por ciclo. 1º e 2º primaria saíran xuntos, 3º e 4º polo seu lado e 5º e 6º de primaria tamén. Un neno ou nena que neste ano curse 1º de primaria terá a oportunidade de realizar 6 excursións, totalmente de balde,



de diferente temática nas que descubrir a riqueza natural do seu concello.

O nome do proxecto recolle os conceptos que unifican esta formación. Así os alumnos de 1º e 2º de primaria participarán en actividades no ecosistema fluvial do fondo dos vales que percorre Covelo. Os alumnos de 3º e 4º de primaria participarán en actividades ligadas á vida na aldea e parroquias e os alumnos de 5º e 6º de primaria visitarán as serras e montañas do concello de Covelo.

Entre os contidos a desenvolver podemos destacar para o primeiro ciclo: O río Tea, o bosque de ribeira, o salmón atlántico e os muíños. Para o segundo ciclo: O serradoiro de Carranos, o lugar de cera, as levadas e as eiras. Para o terceiro ciclo: A tradición gandeira, as chozas, chozos, currais e sesteiros, os foxos dos lobos, os camiños arrieiros e as turbeiras de montaña. Ademais, existen conceptos que se repetirán en todas as saídas como é o coñecemento das parroquias.

O Covelo terá mellor cobertura de TV e telefonía



A colaboración entre a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de A Lamosa e o Concello de Covelo permitirá que arredor de douscentos fogares teñan mellor cobertura de televisión e telefonía. O presidente da comunidade de montes de A Lamosa, Nelso Paramés, e o alcalde de Covelo, Pablo Castillo, asinaron ante notario o convenio que facilitará a

colocación dunha antena dando resposta así á demanda da veciñanza que tiña unha cobertura deficitaria de televisión e conexión telefónica.

Esta antena de nova tecnoloxía dará servizo a A Lamosa, Paraños e Prado da Canda. Ubicada no lugar de Congosta, enmárcase dentro dun programa de colaboración desenvolto pola Xunta de Galicia e a FEGAMP.

Día Mundial da Auga en Covelo



A asociación Covelo Natural, en colaboración co Concello de Covelo e coa Xunta de Galicia, convida aos veciños a participar na xornada de voluntariado ambiental para a limpeza de espazos verdes que terá lugar o sábado 18 de marzo. O punto de encontro é a praza Mestre Cerviño ás 10:30.

Lourdes Enes, concelleira responsable de voluntariado, explica que estas actividades non só supoñen a realización de tarefas de limpeza, “inciden na concienciación e na posta en valor

dos nosos espazos naturais e promoven o compromiso colectivo co patrimonio natural”.

Por outra banda, a veciñanza de Covelo recibiu formación no uso de ferramentas dixitais para relacionarse coa administración a través da rede. Profesionais da Administración Pública impartiron no auditorio municipal unha clase sobre os principais servizos prestados pola Subdelegación do Goberno en Pontevedra e os servizos electrónicos da administración xeral do Estado.



Novo camiión para a recollida de lixo na Guarda

Tomando en conta a anti-
güidade da flota de ca-
miións de recollida de lixo,
o Concello da Guarda comezou a
súa renovación coa adquisición
dun novo vehículo financiado
con fondos propios.

Este novo camiión ten unha
capacidade de carga de 2.300
Kg, cun incremento dun 42%
na súa capacidade de carga, en
comparación co camiión antigo,
ademais de contar cun sistema
de compactación máis potente
o que nos dá como resultado un
importante aumento na eficiencia
do servizo.

O seu menor volume permite
que sexa máis manexable, sobre
todo nas rúas máis estreitas.

Co aumento da carga consé-



guese diminuír as viaxes a planta
de transferencia o que representa
un aforro económico e un au-
mento da produtividade do ser-
vizo ao reducir os tempos mortos.

Con este novo vehículo hai tamén
unha importante mellora na se-
guridade dos traballadores xa
que durante a recollida poden
desprazarse dentro da cabina.

Zona Franca ofrece a Tomiño amplas posibilidades empresariais

O delegado do Estado na
Zona Franca de Vigo,
David Regades mantivo
un encontro cunha vintena de
empresarios de transportes, me-
tal, pedra, sector hortícola e
agrícola, para ofrecer as posibi-
lidades de chan industrial finan-
ciamento e apoios.

Zona Franca ten en marcha
un plan estratéxico para o sector
hortofrutícola do Baixo Miño
cuxo obxectivo é contribuír a
unha mellora da competitividade
desa contorna. Na xuntanza par-
ticiparon tamén asociados de
Adeto, a asociación de comer-
ciantes e hostaleiros de Tomiño,
e de Coxapo, asociación de



traída de auga rural, para ache-
garlles todas as ferramentas do
Consortio. Estivo acompañado
polo alcalde da Guarda, Antonio

Lomba, así como a portavoz
municipal do PSOE en Tomiño,
Violeta de Santiago.

PP Tomiño reclama melloras nos accesos da rúa Uruguai



Tras recibir protestas de va-
rios veciños, o PP Tomiño
esixiu ao Concello melloras
na accesibilidade da rúa Uruguai,
tomando en conta as dificultades
para un veciño de mobilidade re-
ducida ante a concentración de
vehículos na vía pública así como
para a hostelería da zona na ob-
tención de licenzas para a terraza
de bar, como ocorreu no caso da
Cervexería Olalá.

A isto debe engadirse o mal

estado do pavimento polas choi-
vas, que aumentan os riscos para
a seguridade. O veciño afectado
solicitou que se tomen medidas
urxentes para mellorar o acceso
á súa casa, como a instalación
de sinalética ou bolardos que
impidan o estacionamento no tra-
mo de beirarrúa e a reparación
do pavimento. Tamén insta a que
se tomen medidas máis amplas
para mellorar a accesibilidade en
toda a zona residencial.

PSOE O Rosal: o BNG "non ten unha política propia"

Jose Carlos Martínez Crespo,
candidato á Alcaldía polo
PSdeG-PSOE do Rosal, criticou
que o BNG "non está a levar unha
política propia, senón máis ben
unha política marcada polas di-
rectrices do partido dende To-
miño, mostra delo é que a maioría
das propostas que teñen realizado
ao longo desta lexislatura tamén
se teñen realizado de igual xeito
en Tomiño.

Indicou a falla de proxecto
para un municipio como é o Ro-
sal, onde as particularidades non

son as mesmas que en Tomiño,
"non podemos ter un goberno
que copia o proxecto doutro con-
cello para querer implantalo na
nosa localidade, hai que ter en
conta que O Rosal é O Rosal,
non é Tomiño". O candidato so-
cialista ven de pedir aos res-
ponsables locais do BNG que
traballen polos veciños e veciñas
do municipio e que se deixen xa
de tanta foto e promoción das
promesas incumpridas empregan-
do os soportes mediáticos mu-
nicipais.

globaltea
informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS
R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI



Servizos técnicos forestais
e obra do rural

Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

ESPECIAL ELECCIÓN

ACiP renova a súa lista electoral

Alternativa Ciudadana de Ponteareas ven de presentar o primeiro tramo da súa lista electoral. No segundo e o terceiro compoñente aposta pola continuidade de dous dos seus concelleiros actuais, a enxeñeira agrícola, Raquel Bautista Alfaya e o empresario local Luís Alberto Rodríguez Cerdeira. Na cuarta e quinta posición irá a xornalista Olalla Arbones Porto e o técnico superior de ensinanzas e animación sociodeportiva, Nicolás Rodríguez Sousa. Nos primeiros nomes da lista contamos cunha cota do 40% de renovación respecto a 2019.



Pedro Pereira, candidato do BNG Porriño

OBNG do Porriño presentou a candidatura de Pedro Pereira á alcaldía nas eleccións de maio do 2023, acto que contou coa presenza do portavoz nacional Ana Pontón.

Pereira chamou a pensar no Porriño do futuro con ambición "defendendo ante ADIF un soterramento da vía do tren que non sexa un parche e que permita comunicar o casco urbano co espazo verde do río e con Torneiros, e traballando desde o concello no traslado do matadoiro".



Saidoiro, novo actor electoral en M. Balneario

Una nova formación política, Saidoiro, concorrerá ás eleccións municipais do 28M neste Concello do Condado. Estará liderado por Xosé Antonio Álvarez Rodríguez, fundador do Festival Internacional de Música Folk de Mondariz-Balneario. O nome da formación ten a súa orixe no manancial de augas termais descuberto en 1862.



A alcaldesa Nidia Arévalo busca unha nova reelección



Opazo de Mos acolleu un multitudinario acto de precampaña en apoio á candidata á alcaldía polo Partido Popular, Nidia Arévalo. O evento contou coa presenza do presidente nacional do PP, Alberto Núñez Feijóo, do presidente do PP provincial Luís López e diversos altos cargos da Xunta e do PPdeG ante un millar de asistentes.

Baixo o lema "Mos entre todos", Arévalo aludiu durante a súa intervención á transformación experimentada no municipio des-

de que chegou á alcaldía, salientando "o proxecto socio sanitario de O Rebullón, e Galicia Sport 360, do RC Celta, dando continuidade á Cidade Deportiva Afouteza coa xeración de "200 novos postos de traballo". Tamén se referiu á vivenda protexida, ás humanizacións de diferentes parroquias, aos servizos ás familias, atención aos nenos, maiores, a defensa dos dereitos da mulleres e a solución á alta sinistralidade da A-55, "considerada a estrada máis perigosa de España".

Verónica Tourón (PSOE) optará á reelección en Salceda

Verónica Tourón, alcaldesa e secretaria xeral do PSdeG-PSOE de Salceda de Caselas, confirmou este 2 de marzo que volverá a presentarse como candidata socialista para a Alcaldía nas eleccións municipais do 28M.

Tourón foi confirmada como candidata na asemblea da militancia socialista celebrada o 4 de marzo.



El Escondite de Montse

Plaza Mayor, 7 Bajo - Tel. 673280118 - PONTEAREAS

SÍGUENOS EN EL ESCONDITE DE MONTSE

VENTANA HOGAR

ALUMINIO · PVC · MADERA

986 64 41 12 - 636 28 61 08

Entrada Galerías Sta. María, 27 PONTEAREAS

ventanahogar@gmail.com

acero plus

imprensa digital

IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB

986 66 03 61

604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj. PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com

info@aceroplusdigital.com

Debates electorais do Condado e Paradanta en Radionove.gal

Serán 10 debates, un por concello, moderados por Guillermo Rodríguez

Radio Nove emitirá 10 debates electorais entre os días 27 de marzo e 25 de abril, un dedicado a cada concello, nos que os diferentes candidatos e candidatas á alcaldía que se presentan ás vindeiras eleccións municipais nos concellos de O Condado e a Paradanta confrontarán as súas propostas.

Os debates serán moderados polo director de Novas do Eixo Atlántico, Guillermo

Rodríguez. Os programas serán ás 20:00h e repetiranse íntegros ao día seguinte da súa emisión en directo ás 15:00h. De ser posible os programas emitiranse ao mesmo tempo a través dunha rede social con imaxe do estudo de radio.

O calendario sigue un orden de menor a maior segundo a poboación do concello.

Mondariz Balneario abrirá a serie co debate do 27 de marzo e Crecente o seguirá o día 28. Xa no mes de abril, terán lugar os debates de Covelo o día 3, Arbo o día 4, As Neves o día 10, Mondariz o día 11, A Cañiza o 17, Salceda o 18, Salvaterra o 24 e Ponteareas o día 25 de abril.

Xabier P. Igrexas (BNG): “queremos levar a Vigo máis aló”



Voceiro do BNG Vigo, Xabier Pérez Igrexas, presentou este 2 de marzo a súa candidatura electoral para o 28M da man da voceira nacional do BNG, Ana Pontón.

No seu programa, Pérez Igrexas destacou

o acceso social á vivenda, a democratización do espazo público, unha cidade máis habitábel e verde, o feminismo e a diversidade, emprego, iniciativas de vangarda cultural e converter a Vigo nun grande polo da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.

Delfín Domínguez (PSOE) vai a polo “Salzburgo galego”



Agrupado polas máximas autoridades políticas dos socialistas pontevedreses (Abel Caballero, alcalde de Vigo; David Regades, Delegado do Estado da Zona Franca de Vigo; e de Carmela Silva, presidenta da Deputación de Pontevedra) presentouse este 27 de febreiro o candidato socialista Delfín Domínguez que, entre outras cousas, prometeu, en caso de saír alcalde, facer de Ponteareas


“o Salzburgo galego”, xa que segundo o candidato a Vila do Condado dispón de “riqueza” musical suficiente para selo ademais de dispor das coñecidas mundialmente Alfombras do Corpus.

A maiores denunciou o mal estado de conservación e limpeza das aldeas do municipio. Tamén prometeu que conseguiría que tódalas parroquias estean conectadas coa EDAR local.

Ponteareas en común, marca electoral de EU e Podemos

Ponteareas en común" será o novo nome baixo o que se presenta a coalición de Esquerda Unida e Podemos ás eleccións municipais de maio defendendo unha óptica social e de igualdade coa candidatura de Manoel Ucha.

A presentación oficial da candidatura será o 1 de abril na Sala Multiusos do Auditorio. O seu programa electoral será presentado o 14 de abril cun acto onde se explicará o resultado final dos acordos chegados nas cinco asembleas abertas que foron celebrándose desde o mes de xaneiro.



LOURINHA

MOS - OPORRIÑO

Mos celebrará una xornada anual do asociacionismo

A alcaldesa Nidia Arévalo realizou un encontro cos colectivos e entidades do municipio ao que asistiron un total de 120 persoas membros de 70 colectivos mosenses, destacando entidades asociativas veciñais, deportivas, culturais, sociais, empresariais e Comunidades de Augas.

No encontro acordouse organizar unha xornada anual do asociacionismo. Un sábado ao ano pasar o día xuntos todos os membros dos colectivos de Mos nun encontro, tipo networking, no que sumar sinerxias, compartir



experiencias. Unha xornada formativa, de convivencia e de lecer para implementar fortalezas e confraternizar, crear e aumentar

a rede de contactos, coñecer a persoas e organizacións, dar a coñecer servizos, descubrir oportunidades, etc.

BNG Porriño: "O alcalde quiere pagar con cartos públicos a súa propaganda electoral"

O portavoz e candidato do BNG Pedro Pereira considerou que o alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, pretende levar a un pleno extraordinario a aprobación de 4 millóns de euros en créditos extraordinarios e suplementos de crédito para "pagar con cartos públicos os seus anuncios de campaña electoral", de cara ás eleccións municipais do 28 de maio.

O BNG criticou as declaracións de Lorenzo cando afirmaba que "entrou de alcalde" cunha situación na que "o Concello estaba na ruína", considerando a formación nacionalista que "a situación económica é boa como demostran os 3 millóns de euros extraordinarios que o seu goberno gastou no ano 2022, por riba do orzamento ordinario. El é o prin-



cipal responsable de que o Concello, a pesar de ter un importante remanente de cartos, manteña débedas con empresas proveedoras".

"Precisamos menos propaganda e unha alcaldía que defenda o interese xeral. Hai que afrontar

con responsabilidade e planificar con rigor a área económica do Concello sen mentir", afirmou Pereira, asegurando que o BNG está disposto a facilitar a aprobación de proxectos concretos, que redunden na mellora da calidade de vida da cidadanía.

AEMOS condena vandalismo contra a súa sede



A través dun manifesto, a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, a Corporación Municipal e a directiva da Asociación de Empresarios de Mos, encabezada polo seu presidente Manuel Castro, expresaron a súa condeza polas pintadas perpetradas na fachada da sede de AEMOS este 5 de marzo relativas a consignas prorrusas sobre a gue-

rra de Ucraína e reivindicadas polo Comité Antifascista Lourinha.

O manifesto rexeitou estes "actos delictivos" apelando á tolerancia e o respecto que debe prevalecer nun sistema democrático, expresando igualmente a súa solidariedade co pobo de Ucraína, "víctima desta inxusta guerra".

Mos e o RC Celta inician a celebración do Centenario

A Cidade Deportiva Afouteza do RC Celta de Vigo acolleu a primeira das actividades do programa "Celebra-Mos o Centenario" coincidindo co 8M, o Día Internacional da Muller. A alcaldesa Nidia Arévalo e o presidente do Celta, Carlos Mourino, recibiron a un grupo de mulleres de colectivos e asociacións de mulleres do municipio que visitaron o complexo deportivo.

Continuando con estas accións, do 14 ao 22 de marzo ha-

berá visitas guiadas para colectivos mosenses e público en xeral. O 21 de marzo, o RC Celta colaborará na plantación de 100 árbores no terreo da Cidade Deportiva Afouteza na que participarán outras Comunidades de Montes. O club tamén estará presente, a través da súa división Galicia Sports 360, na próxima Feira de Educación, FormaMos do Concello de Mos, que terá lugar os vindeiros 30 e 31 de marzo e igualmente en actividades co alumnado do IES de Mos.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

SORTEAMOS 226 AIRFRYERS

Cociña máis rápido,
máis san, máis Gadis.



*Teléfono non incluído

UNHA EN CADA GADIS

Participa por cada 20€ de
compra do 2 ao 29 de marzo.
Non aplicable a gadisline.com



LOURINHA

O PORRIÑO

O Porriño realizará o seu maior investimento en saneamento municipal

O Concello do Porriño pon en marcha un investimento de case 5 millóns de euros para a maior dotación de saneamento público a través dunha rede municipal que abranguerá as sete parroquias e centro urbano e dar servizo a unha poboación estimada de 1.850 veciños, estendendo máis de 28 km de rede que conectará 604 vivendas aos sistema de recollida de augas residuais do Louro.

Destes investimentos, 1.997.211 euros corresponden a actuacións que se están a licitar e se executarán no primeiro se-



mestre deste ano e 2.782.620,47 euros ás que se atopan na fase de redacción de proxectos ou tramitación de permisos sectoriais.

A estes 5 millóns de euros habería que sumar outros 9 máis para chegar aos 14 que se necesitan para completar o plan director.

Reformas no Centro Cultural Alba e Parque Infantil Piñeiro

O Concello do Porriño deu comezo ás obras de reparación e mellora do Centro Cultural Alba, na parroquia de Torneiros. Os traballos contemplan a substitución e reparación de todos os elementos do edificio que se atopen deteriorados, a reparación integral da cuberta, reparación das canaletas exteriores e interiores, reparación e sellado das ventás, reposición das baixantes e a construción dun canal de remate final da fachada no encontro co terreo.

As melloras se ampliarán á totalidade do parque Piñeiro nun proxecto de mellora e reacondicionamento que ampliará a zona de xogo infantil e reacondicionará



as pistas deportivas. As melloras que se efectuarán supoñen unha

inversión de máis de 100.000 euros.

O Porriño acolleu o campionato galego de fútbol base



O campo municipal do Lourambal acolleu a primeira fase do Campionato Galego de Seleccións Comarcais de fútbol 11 e fútbol 8 organizado pola Federación Galega de Fútbol.

En Fútbol 8 disputáronse catro partidos na primeira fase e dous na segunda, un total de seis encontros, outorgándose tres puntos por vitoria e un por em-

pate. A suma de puntos totais obtidos nas dúas fases ditaminará as catro seleccións clasificadas para as semifinais.

En Fútbol 11 disputáronse dous partidos na primeira fase e un partido na segunda fase, outorgándose tres puntos por vitoria e un por empate. A suma de puntos totais obtidos nas dúas fases ditaminará as catro seleccións clasificadas para as semifinais.

Educación en igualdade este 8M

O Concello do Porriño presentou a programación conmemorativa do Día Internacional da Muller baixo o lema "Da man da educación cara a igualdade" na que os protagonistas son as futuras xeracións de porriñesas e porriñeses.

O alumnado dos centros educativos do municipio participaron nos obradoiros Xénero Diverso, cunha metodoloxía baseada no xogo. Tamén presentouse a obra

de teatro "Adiviña quen son"; a lectura do manifesto na Praza do Concello e de seguido espectáculos musicais con Noemí Fernández, porriñesa finalista de La Voz Kids e gañadora do certame Tes Talento 22, Carla Lourdes, e as Girl's Gang. Todas elas tamén estiveron en charlas nos dous IES do Porriño. Tamén instalouse na praza Arquitecto Antonio Palacios o Punto Violeta, no que persoal cualificado ofrecerá información e asesoramento.

¡PROMOCIONES DE REAPERTURA!

AXA PORRIÑO - Rúa O Pinar, 13,
Bajo, Porriño
986 331 410
633 601 257
segurosbugarin@gmail.com



Tu aseguradora de confianza en Porriño

Óptica mahen
mahen audióprótesis
Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS

rúa senén canido, 4

O PORRIÑO

Concello contrata auditoría para solucionar a facturación irregular de 2018 a 2022

O Concello do Porriño vén de contratar a auditoría da conta xeral para dar cumprimento ao Plan anual de control financeiro, como ordenou o Interventor municipal.

O alcalde, Alejandro Lorenzo explicou que “o período a controlar será o que abrangue os exercicios 2018 a 2022, fiscalizando a conta 413, de acredores pendentes de aplicar ao orzamento, analizando toda a facturación irregular destes anos. Tamén serán obxecto de control financeiro os expedientes de contratación de servizos, un de subministros e un de obras correspondentes a este período, así como as subvencións”. Todo isto completárase coa comprobación dos cumprimentos dos parámetros fixados no informe de Fiscalización Selectiva do Concello do Porriño emitido polo Consello de Contas de Galicia.



Este é o último paso no proceso de regularización das contabilidade e contratación municipal. Fiscalizáronse todas e cada unha das facturas irregulares que se deben e que foran retiradas da contabilidade municipal entre os anos 2018 ao 2021. Unha cifra que ascendía a 5,5 M euros e, tras a posta en marcha deste procedemento conseguíuse reducir en 2,4 euros. Así, na actualidade a conta

de facturas pendentes de aplicar ao orzamento sitúase en 3,1 euros.

Cabe destacar neste sentido que existe un procedemento penal aberto no que se investiga toda a facturación irregular e a contratación “a dedo” destes anos, así como numerosos contenciosos por denuncias de impago de facturas irregulares que contaban coa conformidade do anterior goberno municipal.

21 novos traballadores para o persoal municipal



O Concello do Porriño incorporou a 21 traballadoras e traballadores que desenvolverán funcións nos diferentes servizos municipais. Trátase concretamente de un oficial de carpintería, un de soldadura, un de albanelería, un tractorista-condutor con guindastre e dous peóns de obra pública para o Departamento de Obras; oito peóns forestais para o De-

partamento de Parques, xardíns e limpeza; un auxiliar de enfermería para a Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) e seis conserxes para diferentes departamentos municipais.

Estas contratacións efectuáronse con cargo ao Plan Concellos 2023 da Deputación de Pontevedra e o Concello do Porriño fai unha aportación de preto de 50.000 euros.

O Servizo de Aula Madruga chegará a todos os colexios do Porriño

O Concello do Porriño asinou convenios de colaboración coas ANPA's do Santa Eulalia CEIP Plurilingüe de Atios e “A Oliveira” do CEIP Xosé Fernández López para a implantación de Aula Madruga nos colexios.


No caso do centro escolar do centro urbano esta achega municipal permitirá afrontar o 50% do gasto que supón a posta en marcha por primeira vez deste servizo de conciliación. Concretamente serán 3.000 euros ao tratarse do primeiro ano. No caso



do colexio de Atios a achega será de 1.500 euros, xa que a aula madruga xa estaba funcionando. Cabe destacar que os dous centros educativos que aínda non dispo-

ñían deste servizo, o CEIP Cruz Budiño e o CPI da Ribeira, xa o ofertan para o vindeiro ano, e contarán a tal fin co respaldo do concello nos mesmos termos.

ANTOMS



DESAYUNOS TAPAS VARIADAS PLATOS PASTAS
CARNES PESCADOS BOCADILLOS HAMBURGUESAS
MENÚ DEL DÍA Y A LA CARTA OPCIONES VEGANAS Y SIN GLUTEN

© GALIBAR CENTRO
Manuel Rodríguez, 13
986 138 441
O PORRIÑO

COFFEE & RESTAURANT
GaliBar
DRINK & FOOD

© GALIBAR LOURAMBAL
Ctra. Relva, 28
678 077 180
TORNEIROS

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

A Xunta mellora os firmes da PO-339 entre Salceda e Salvaterra

A Xunta de Galicia está a ultimar as obras de mellora de firme das estradas PO-339, entre Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas, dentro dun investimento de preto de 223.000 euros ao que se inclúe igualmente as obras na PO-552 en Oia.

No caso da estrada PO-339, os traballos están practicamente rematados, restando só reperfilar a cuneta e instalar a sinalización horizontal. As intervencións consisten na rehabilitación da capa de rodadura naqueles puntos nos que o firme presente deterioros.

Os traballos inclúen o fresado da capa de formigón existente para posteriormente proceder á rega de adherencia con emulsión termoadherente e ao estendido da capa de rodadura formada por



5 cm de formigón bituminoso. As actuacións tamén abranguen a construción de cunetas revestidas, a instalación de drens para recoller a auga que poida acumularse baixo o firme e a disposición de sinalización.

A Xunta continúa intensificando a aposta pola conservación e a mellora da rede viaria, materia á que vén destinando máis de 50 M€ cada ano, para desenvolver medidas como o Plan de reforzos de firme, entre outras.

Concurso "Salceda contra a violencia de xénero"



O Concello de Salceda inaugurou a exposición de fotografías "Salceda contra a violencia de xénero" na Praza do Concello e que estará nas rúas ata o 10 de marzo con motivo do Día Internacional da Muller.

Con motivo desta celebración,

a Casa do Concello permanecerá iluminado de violeta reivindicando o Día da Muller Traballadora.

Toda vez, o acto institucional previsto para o 8M na Devesa foi adiado por mor das condicións meteorolóxicas ata novo aviso.

A escola da Revolta en Parderrubias será para usos comunitarios

O Concello de Salceda iniciou as obras de acondicionamento e mellora da Escola da Revolta na parroquia de Parderrubias.

Esta actuación levada a cabo polo concello de Salceda de Caselas ascende a 12.293,00 euros. Unha das actuacións máis importantes é a accesibilidade da edificación seguindo a liña de traballo de que todas as instalacións municipais sexan accesibles e sustentables.

Instalarase tarima na aula e rodapés, ademais da instalación de novas fiestras, actuacións que mellorarán o illamento da aula.



Ademais executarase a rehabilitación integral do aseo existente, con novas tomas de auga e electricidade e a colocación dos aparatos sanitarios.

Esta intervención ten como obxectivo recuperar e por en valor

as instalacións municipais destinándolas a usos e servizos destinados ao benestar da veciñanza. Neste caso será utilizada por colectivos e asociacións da parroquia para o desenvolvemento de actividades de carácter cultural e so-

Presentación de "Árbores que non arden"

O vindeiro 10 de marzo ás oito e media da tarde, Celsa González Ogando estará no Matadoiro de Salceda de Caselas presentando o libro "Árbores que non arden. As mulleres na prevención de incendios forestais", no marco das actividades do 8M organizadas pola asociación ACDE Treze Ca-
torze.

Nunha panorámica superficial do mundo do lume, a presenza de mulleres resulta aparentemente anecdótica. A súa visibilidade nos distintos escenarios do complexo quebra cabezas que supón a problemática dos incendios forestais en Galicia é moi reducida;



demasiado... Para afondar nesta cuestión, o equipo do proxecto Batefogo reúne neste volume achegas de diferentes autoras que, desde a súa disciplina, reflexionan sobre o papel das mulleres na prevención e extinción dos incendios forestais.



MUNDO ONLINE GALICIA SL
REPARACION Y VENTA
TELEFONIA E INFORMÁTICA
SERVICIO TECNICO
CONSOLAS Y VIDEOJUEGOS

Whatsapp: 986137005 | Facebook | Google+ | Instagram | Twitter
C/ Coruña 2 Bajo Salceda de caselas

FIBRA Y MOVIL

MÁSMÓVIL | pepephone
simyo | DIGI | O2 | Lowi | Vodafone

Peluqueria mixta

Cente Nova

Rafael Tilve Adrio, 7
Salceda de Caselas
Tlf.: 986 349 290

SALCEDA DE CASELAS

Plan de Formación para persoas desempregadas

O Concello de Salceda pon en marcha o Plan de Formación para persoas desempregadas deseñado dende a concellería de Emprego e formación que dirixe a alcaldesa Verónica Tourón. Está orientado a mellorar a capacitación profesional en eidos estratéxicos e o seu perfil laboral e profesional.

O Plan comezou o 28 de febreiro no CDL de O Torrón co inicio do curso de "Manipulador de Alimentos".

Ademais, esta aberto o prazo de inscrición no curso de "Administración Electrónica", que é demandado por moitas persoas e que dará a coñecer fórmulas para a tramitación electrónica coas distintas administracións públicas, nun momento no que estes coñecementos son indispensables na vida cotiá das persoas. Necesidade que se amplía no caso da procura de emprego das persoas desempregadas e o



contacto coas empresas. Este curso impartirase entre o 7 e o 30 de marzo.

Para completar este primeiro bloque do Plan de Formación impartirase entre o 10 de abril e o 2 de maio o curso "Preparación de pedidos" cuxa inscrición se abrirá o 20 de marzo. Esta formación é altamente demandada polas empresas da contorna.

Verónica Tourón alcaldesa e concelleira de emprego incide na importancia da formación para mellorar a empregabilidade e aumentar as posibilidades de atopar un emprego por parte das persoas desempregadas. Dende a administración local marcámonos como obxectivo principal as políticas de creación de emprego e formación.

Inicio do curso de manipulador de Alimentos



Comezou o curso de Manipulador de Alimentos no CDL O Torrón, no marco do Plan Municipal de Formación para persoas desempregadas deste semestre.

A alcaldesa Verónica Tourón, entregou os diplomas e felicitou ás persoas participantes e avanzar información sobre a próxima formación que se levará a cabo.

Por outra banda, celebrouse

a Comisión de Traballo da mesa de Intervención Comunitaria en Saúde e Benestar. Na mesma realizouse unha posta en común das necesidades que se detectan polos profesionais dos centros educativos, servizos sociais e do centro de saúde, tamén se avanzou cara a promoción de accións concretas que se irán poñendo en marcha.




GASOLEOS
TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO



PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



REPSOL

Carmen González Sotelo | Delegada Institucional do CSIC en Galicia

"Galicia xa é un actor moi relevante en investigación mariña"

Carmen González Sotelo (Caracas, Venezuela, 1961) é licenciada pola Universidade de Navarra (1984) e Doutora en Bioloxía pola USC (1991) Forma parte da CSIC desde 1998, é autora de

máis de 100 artigos de investigación en publicacións incluídas na base de datos Science Citation Index (SCI) así como de tres patentes para a identificación de especies en conservas de produtos mariños.

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Desde o 17 de xaneiro é a delegada institucional do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) en Galicia. Cales son as súas funcións?

As miñas funcións pasan pola coordinación e representación do CSIC ante outros axentes de I+D+i; a dirección e xestión e o apoio á actividade de investigación, transferencia, formación, difusión e promoción da cultura científica. As Delegacións Institucionais do CSIC son as estruturas organizativas encargadas da representación institucional do CSIC e a coordinación dos seus institutos de investigación nun ámbito territorial determinado. En Galicia, o CSIC está presente a través de institutos de investigación como a Misión Biolóxica de Galicia (MBG), Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS, mixto coa Xunta de Galicia), Instituto de Investigacións Mariñas (IIM), Instituto

de Ciencias do Patrimonio (INCI-PIT) e Centros Oceanográficos do Instituto Español de Oceanografía (IEO) en Vigo e A Coruña. Ademais, en Vigo está a Sede Atlántica da Unidade de Tecnoloxía Mariña (UTM) e participamos no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

Que prioridades ten para esta nova etapa?

A miña prioridade xeral é poder contribuír ao diálogo coas institucións galegas para que o CSIC continúe incrementando a súa presenza e visibilidade en Galicia e tecendo colaboracións e sinerxias con axentes do sistema de I+D+i galego. Tamén dar continuidade e impulso a proxectos concretos en marcha, como a Casa da Ciencia do CSIC en Galicia; o traslado do IIM e a sede Atlántica da UTM aos terreos que ocupaba a antiga Escola de Transmisión e Electrónica da Armada (ETEA); a construción do novo buque oceanográfico do IEO, o Odón de Buen; ou a renovación

do convenio do IEGPS, entre outros temas que están nestes momentos encima da mesa.

A súa especialidade académica enfócase na pesca, acuicultura e o sector marítimo. Como observa o estado das investigacións sobre estes sectores en Galicia?

Creo que a investigación mariña que se realiza en Galicia desde as distintas institucións permitiu situarnos nun lugar de referencia a escala global. No caso concreto do CSIC, temos tres institutos de investigación relacionados con esta temática (IIM en Vigo e Centros Oceanográficos do IEO en Vigo en Coruña) e a Sede Atlántica da UTM, tamén en Vigo. A nosa contribución contempla todos os aspectos do obxecto de estudo: oceanografía física, química e biolóxica, cambio climático, os ciclos biogeoquímicos das nosas costas e a súa relación coa produtividade das nosas rías, a bioloxía e a ecoloxía de especies



mariñas; o coñecemento da dinámica de poboacións explotadas (recursos pesqueiros); a mellora da xestión dos recursos utilizando novas tecnoloxías, como a intelixencia artificial e a ciencia de datos; estratexias de economía circular e acuicultura, entre outras. Por último, considero que contar coa Sede Atlántica da UTM situou a Vigo á cabeza da construción de buques de investigación pesqueira e oceanográfica no mundo, sendo os nosos buques instrumentos da investigación mariña que leva a cabo, unha parte fundamental para o avance na investigación mariña.

Considera que Galicia pode converterse en líder mundial en canto á investigación marítima?

Considero que Galicia xa é

neste momento un actor moi relevante en investigación mariña, como o constata a existencia dun gran número de grupos de investigación galegos que participan tanto en programas de investigación tanto nacionais como financiados pola Unión Europea. A iso hai que sumar a presenza en Galicia dun importante sector relacionado coa construción naval, a pesca e acuicultura, e a industria de transformación de produtos da pesca, así como un sector turístico moi potente relacionado co mar e a gastronomía. A interrelación entre todos eles debe ser potenciada para converter a Galicia nun polo de investigación e innovación. Creo que se iso ocorre, a presenza de Galicia como líder mundial no sector mariño será unha realidade pronto.

Un 8M reivindicando a igualdade en Vigo

A Deputación de Pontevedra celebrou na súa delegación en Vigo os actos conmemorativos do Día Internacional da Mullere este 8 de marzo, coas actuacións artísticas de catro creadoras, Andrea Mosquera, María Roja, Puri Díaz e Ofelia Cardo.

As persoas asistentes puideron seguir en directo a retransmisión por streaming da acción "2,2 quilómetros de alento", na que Andrea Mosquera e María Roja percorreron esa distancia entre o Xulgado de Violencia sobre a Muller e a sede cargadas con bolsas da compra, amosando "o sobreesforzo" que viven



día tras día as mulleres. Durante o camiño, as dúas creadoras foron intercalando gritos de auxilio que escapaban das propias bolsas, en moitas partes non escoitados, tamén a xeito de denuncia.

Mentres, no espazo da rúa Chao

inaugurábase unha dobre exposición: dunha banda, Puri Díaz ofrece na Sala Rosalía de Castro "A muller da miña vida" e, por outra, Ofelia Cardo "Dar alento" na Maruja Mallo, mostrase que permanecerán abertas ata o 28 de abril.

